



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Lingua e Cultura dos Países de Fala Portuguesa	Código	613G02027	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web	https://www.udc.gal/gl/filo/grao_galego/index.html			
Descrición xeral	Estudo dos aspectos xeográficos, históricos, culturais, lingüísticos e identitarios das comunidades de lingua portuguesa			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A26	Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Demostrar capacidade de analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A1		
	A2		
	A10		



Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os diferentes aspectos destes estudos.	A14		
Demostrar un coñecemento avanzado das literaturas de lingua portuguesa	A18		
Saber utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación e de autoorganización no traballo		B3 B6	
Demostrar capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar actitudes positivas cara a diversidade e comportarse ética, profesional e responsabelmente, exercendo unha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria		B8 B10	C4
Valorizar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	
Ser capaz de utilizar as ferramentas básicas propias das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida			C3
Valorizar e relacionar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñíbel para resolver os problemas con que deben afrontarse		B5	C6
Ser capaz de aplicar métodos e técnicas de análise lingüística e literaria	A1		
Demostrar coñecer a historia, a cultura e a variedade lingüística das comunidades lusófonas	A20 A26		
Ter capacidade para se comunicar de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. QUESTÕES GERAIS E METODOLÓGICAS	1.1. Processos de canonização e de construción sistémica (e identitária). 1.2. A lingua portuguesa como norma (inter)sistémica (e outras línguas em contacto/ conflito). 1.3. Relações, institucións e políticas lingüísticas e culturais na Lusofonia/ Galeguia.
2. PRODUÇÃO E PROCESSOS DE CANONIZAÇÃO NAS LUSOFONIAS	2.1. Aproximación da formación do(s) cânone(s) lusófono(s) 2.2. Repertórios culturais lusófonos: Sebastianismo, (luso)tropicalismo, negritude, ... 2.3. A presenza cultural lusófona na Ásia: Goa, Timor Lorosae e Macau.
3. LITERATURAS E CULTURAS DOS PALOP	3.1. Histórias, sociedades, culturas e identidades nos PALOP: lusografía/ portugués/ crioulo(s), oratura/ literatura, ilhas/ arquipélagos/ continente. 3.2. Internacionalización da produción literaria e cultural dos PALOP: Cesária Évora, Mia Couto e Ondjaki.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A11 A14 A15 A20 B1 B3 B5 B6 B7 B9 C3 C6	10	20	30
Lecturas	A1 A2 A10 A18 B7	4	10	14



Presentación oral	A11 B4	2	8	10
Recensión bibliográfica	A1 B3 B5 B8 C6	1	10	11
Estudo de casos	A1 A26 B1 B4 B7 B10 C3 C4 C6	4.5	21	25.5
Sesión maxistral	A11 A14 A20 B5 B7 B8 C6	10	10	20
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Con especial atención à perspectiva de xénero e utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", o alumnado realizará individualmente ou en grupos reducidos un traballo tutelado (focado de preferencia para a pesquisa, a documentación e a elaboración de proxectos) do cal se derivará tamén a correspondente presentación oral na sala de aulas. Tanto a eventual composición do grupo como o(s) asunto(s) concreto(s) focado(s) no traballo será(n) acordado(s) co profesor no inicio das sesións.
Lecturas	Cada alumno/a realizará a lectura de unha serie de monografías, artigos ou capítulos de libro relativos aos contidos focados na materia e recollidas nunha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. O número destas lecturas será inferior a seis por estudante e, delas, no mínimo un artigo ou capítulo de libro será obxecto de presentación oral e un libro da recensión bibliográfica.
Presentación oral	Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os resultados do Traballo Tutelado realizado e as principais cuestións focadas nunha das leituras realizadas. Os materiais utilizados nas exposicións orais (diapositivos, esquemas, etc.) serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Moodle. A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contidos vehiculados deben ser tamen levados en conta polo alumnado neste tipo de actividade.
Recensión bibliográfica	O alumnado realizará unha "Recensión bibliográfica" individual dunha lectura (en formato libro) seleccionada entre a listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. A correspondente recensión pode ser obxecto de comentario nas aulas e será disponibilizada para o conxunto do grupo a través do Moodle.
Estudo de casos	Comentario e análise crítica de materiais de vario tipo relativos aos contidos focados na materia e ás destrezas que é esperado desenvolver.
Sesión maxistral	Apresentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Presentación oral Recensión bibliográfica Estudo de casos	Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante ou grupo reducido asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo. Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro



Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A11 A14 A15 A20 B1 B3 B5 B6 B7 B9 C3 C6	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". A corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados tanto para resolver eventuais problemas como para presentar o traballo serán tamén obxecto de avaliación.	30
Lecturas	A1 A2 A10 A18 B7	Será avaliada a participación informada nas sesións presenciais onde serán abordados tanto os libros de lectura obrigatoria como os artigos ou capítulos e libro analisados. Da mesma maneira, serán obxecto de avaliación a calidade da presentación dos contidos específicos, os materiais utilizados e o correcto cumprimento das tarefas encomendadas no decurso desas sesións.	20
Presentación oral	A11 B4	Para alén da utilidade da presentación para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	10
Recensión bibliográfica	A1 B3 B5 B8 C6	Na recensión bibliográfica será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	10
Estudo de casos	A1 A26 B1 B4 B7 B10 C3 C4 C6	Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polos docentes para cada actividade destas características.	30

Observacións avaliación



Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará no Campus Virtual. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que figuran no documento "Exigencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués en 6/7/2018 e publicado no Campus Virtual).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). No xeral, a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

O estudantado repetidor, a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co docente. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado da materia.

O alumnado que se apresente á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel da materia e, para a superar, terá de realizar unha proba mixta (5 valores), unha recensión bibliográfica (1 punto), un traballo tutelado (2 valores) e aqueles estudos de caso (2 valores) que lle foren encomendados.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo docente através do Campus Virtual e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, os/as estudantes deberán realizar satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non entregase ningunha das actividades previstas nesta guía.

A materia pode ser adaptada para estudantes que precisen a adopción de medidas voltadas ao apoio à diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). Se necesario, é posíbel entrar en contacto cos servizos dispoñíbeis na UDC/ no Centro: coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>) dentro dos prazos oficiais fixados con antecedencia para cada trimestre académico; caso contrario, coa Tutora ADI da Facultade de Filoloxía (no e-mail: pat.filoloxia@udc.gal).



Bibliografía básica

1. ANDERSON, B. (1983). *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. London: Verso
 2. BOSI, Alfredo (1992). *Dialética da colonização*. São Paulo: Ática
 3. BOSI, Alfredo (org.) (1987). *Cultura brasileira: temas e situações*. São Paulo: Ática
 4. BUARQUE DE HOLANDA, Sérgio (1995). *Raízes do Brasil*. São Paulo: Companhia das Letras
 5. CABRAL, Amílcar (1999). *Nacionalismo e cultura*. Santiago de Compostela: Laiovento
 6. CASAS, Arturo (2002). *A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais* (para ler González-Millán). *Anuario de estudos literarios galegos*, pp. 29-38
 7. CRISTÓVÃO, Fernando (dir.) (2005). *Dicionário temático da Lusofonia*. Lisboa: Texto Editores
 8. ENDERS, Armelle (1997). *História da África Lusófona*. Lisboa: Inquérito
 9. EVEN-ZOHAR, Itamar (2010). *Papers in Culture Research*. Tel Aviv, Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesível em <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
 10. FREYRE, Gilberto (1943). *Casa Grande & sanzala*. Lisboa: Livros do Brasil
 11. LEITE, Ana Mafalda (1998). *Oralidade & escrita nas literaturas africanas*. Lisboa: Colibri
 12. LOURENÇO, Eduardo (1992). *O Labirinto da Saudade*. Lisboa: Dom Quixote
 13. MARTINS, Moisés de Lemos; Helena Sousa e Rosa Babecinhas (eds.) (2006). *Comunicação e Lusofonia. Para uma abordagem crítica da cultura e dos media*. Lisboa: Campo das Letras
 14. MATA, Inocência (2010). *Polifonias insulares. Cultura e literatura de São Tomé e Príncipe*. Lisboa: Colibri
 15. MATTOSO, José (2001-2014). *História de Portugal*. Lisboa: Círculo de Leitores (vols. V-VIII)
 16. MEDEIROS, António (2006). *Dois lados de um rio. Nacionalismo e etnografia na Galiza e em Portugal*. Lisboa, ICS
 17. MEDINA, João (2006). *Portuguesismo(s)*. Lisboa: Centro de História-Univ. de Lisboa
 18. MOTA, Carlos Guillermo (1977). *Ideologia da Cultura Brasileira*. São Paulo: Ática
 19. NATÁRIO, M. Celeste et al (2008). *Actas do III Colóquio Luso-Galaico sobre a Saudade*. Sintra: Zéfiro
 20. PETROV, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em comparatismo nas lusofonias*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora
 21. PETROV, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literaturas e culturas africanas e em literatura e cultura galegas*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora
 22. PETROV, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura brasileiras. Século XX*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora (vol. 1 e vol. 2)
 23. REIS, Roberto (1995). *Os retos da diferença. Anotações sobre o discursocultural brasileiro*. Rio de Janeiro: Eds UERJ, pp. 59-86
 24. ROSAS, Fernando (1998). *Portugal na viragem de século - Língua portuguesa: a herança comum*. Lisboa: Pavilhão de Portugal - Expo 98 e Assírio e Alvim
 25. SALINAS PORTUGAL, Francisco (1990). *Entre Próspero e Caliban*. Compostela: Laiovento
 26. SALINAS PORTUGAL, Francisco (1994). *Rosto negro. O contexto das literaturas africanas*. Santiago de Compostela: Laiovento
 27. SALINAS PORTUGAL, Francisco (2005). *Literaturas Africanas em língua portuguesa*. Madrid: Síntesis
 28. SODRÉ, Nelson Werneck (1996). *Síntese de História da Cultura Brasileira*. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira
 29. THIESSE, Anne-Marie (1999). *A criação das identidades nacionais*. Lisboa: Temas e Debates
 30. TORRAL, Luís Reis et al (2008). *Comunidades imaginadas: nação e nacionalismos em África*. Coimbra: Universidade de Coimbra
 31. UNIVERSIDAD DE CADIZ (). *Periférica. Revista para el análisis de la cultura y el territorio*. http://www.uca.es/web/actividades/periferica/index_html
 32. YURKIEVICH, Saúl (1986). *Identidad cultural de iberoamérica en su literatura*. Madrid: Editorial Alhambra
- ARTIGOS
1. Mata, Inocência (2018): "Uma interrogação sobre o ensino das literaturas em português: entre o "cânone lusófono" e a "emoção estético patriótica". *Via Atlântica* 33, 409-420.
 2. Gomes, Álvaro Cardoso; Alzira Lobo Campos & Eliane de Alcântara Teixeira (2014): "O Sebastianismo: uma reflexão histórica e literária do mito", *Revista Lumen et Virus* 10, 72-94.
 3. Medina, João (2000): "Gilberto Freyre contestado: o lusotropicalismo criticado nas colónias portuguesas como alibi colonial do salazarismo", *Revista USP* 45: 48-61.
 4. Ramon, Micaela (2014): "Contributos para a constituição de um cânone lusófono: Timor-Leste no contexto da produção literária em língua portuguesa", Moisés de Lemos Martins, Rosa Cabecinhas, Lurdes Macedo & Isabel Macedo (eds.), *Interfaces da Lusofonia*. Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade, Universidade do Minho, pp. 61-69.
 5. Rita, Annabela: "Lusofonia e Literatura: Haverá cânone(s) Lusófono(s)?" In Martins, M. L. (coord.). *Lusofonia e interculturalidade: promessa e travessia*. Vila Nova de Famalicão: Húmus, 2015, p. 120- 151.
 6. Santos, Rubém Pereira dos (2009): "A poesia africana de língua portuguesa: compromisso com a negritude. Diálogo com a poesia brasileira", *Revista África e Africanidades* 6, www.africaeaficanidades.com.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BARRETO, António (coord.) e PONTES, Joana (realización) (2007). Portugal, um Retrato Social. Lisboa: RTP (vols. I-VII)- BENDASSOLI, Pedro (coord.) et al (2009). Indústrias criativas no Brasil. São Paulo: Atlas- CARNEIRO, R. et al (2000). Indústria de conteúdos culturais em Portugal. Lisboa: Grupo Forum-Ministério de Economia- FEATHERSTONE, M (1995). Cultura de consumo e pós-modernismo. São Paulo: Studio Nobel- LOPEZ, Vítor (). Língua (vidas em português). http://www.youtube.com/watch?v=b7cliHmFI8- MARTINHO, Ana M. Mão-de-Ferro (2001). Cânones literários e educação. Os casos angolano e moçambicano. Lisboa: Fundação Calouste-Gulbenkian- PETROV, Petar el al (ed.) (2012). Avanços em ciências da linguagem. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora- PRADO JUNIOR, Caio (1999). Formação do Brasil Contemporâneo. Rio de Janeiro: Brasiliense- RED BULL MUSIC ACADEMY (2006). Lusofonia, a (R)Evolução. http://www.youtube.com/watch?v=h9hyOBypsBw- SARAIVA, António José (1996). A Cultura em Portugal. Lisboa: Gradiva (vols.I-II)- VENÂNCIO, José Carlos (1996). Colonialismo, antropologia e lusofonias repensando a presença portuguesa nos trópicos. Lisboa: Vega <p>O profesorado fornecerá ao longo do curso material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada asunto focado. Será de leitura obrigatoria para todas as persoas matriculadas o libro Entre Próspero e Caliban. Literaturas africanas de lingua portuguesa (Francisco Salinas Portugal: Santiago de Compostela: Laiovento, 1999). Xuntamente con este libro, as persoas que cursaren a materia deberán ler máis unha obra seleccionada de entre unha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Esta obra será obxecto da recensión bibliográfica.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para o alumnado de mobilidade (programa Erasmus ou outros) poder acompañar correctamente a materia será preciso ter o nivel suficiente (recoméndase un mínimo equivalente ao nivel B2 do Cadro Europeu) de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, en calquera variante galego-portuguesa. Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías